

Primeiros pasos en eTwinning: o teu perfil

Para participar en eTwinning, o primeiro que hai que facer é crear unha conta de *EU Login* e despois darse de alta na plataforma online de eTwinning. Unha vez que o teu perfil/conta estea validado, poderás beneficiarte de todas as funcionalidades que ofrece.

O **perfil eTwinning** é o cartón de visita co que te presentas á comunidade de docentes e permite que estes te coñezan. Por iso, é conveniente prestar atención á información do teu perfil e coidar a imaxe que ofreces.

Aquí atoparás unhas pautas que che axudarán a analizar o teu perfil e a completalo correctamente. É recomendable actualizalo con certa frecuencia.

Que digo de min en eTwinning?

1) Imaxe

A imaxe que eliximos dá información sobre nós. En eTwinning, como en moitas outras redes sociais, os perfís que inclúen unha imaxe reciben máis visitas e interaccións que as que non o fan.

É recomendable utilizar unha imaxe persoal (editada ou non) que permita recoñecerte ou un avatar personalizado.

2) Sobre ti

Descubrimos aquí o noso perfil profesional (como as materias que imparto ou a idade dos meus alumnos), os nosos intereses e as nosas liñas principais de traballo. Aínda que pode editarse e actualizarse, suponse que a información é estable a curto e medio prazo. É conveniente incluír palabras clave que nos permitan ser localizados polos buscadores. Deberíamos usar os idiomas nos que queremos comunicarnos con outros eTwinners. É importante engadir ideas clave

sobre posibles proxectos e liñas de traballo, así como detallar toda esta información en máis dun idioma.

3) Descrición

Este é o espazo para a interacción directa con outros eTwinners. Aquí mostramos a nosa información actualizada ou vemos e comentamos a dos contactos aos que seguimos: recomendacións, outras actividades en eTwinning, suxestións de proxectos, recursos interesantes...

O ideal é que a información sexa específica e útil para que outros eTwinners poidan coñecer máis os teus intereses. Esta descrición é moi útil para calquera docente que teña un perfil similar ao teu e que comparta os teus mesmos intereses. Así mesmo, convida á interacción e aos comentarios no teu taboleiro.

4) Dispoñibilidade/Join eTwinning

Bótalle unha ollada ao teu status, podes marcarte como “Dispoñible para proxectos eTwinning” ou non. Reflicte as túas preferencias reais? Lembra que, se apareces como “non dispoñible”, serás invisible para outros eTwinners cando estean a buscar socios.

5) A miña organización

A información que damos do noso centro é importante. Por favor, ten en conta os seguintes puntos:

- Aparecen todos os datos que se piden.
- Os correos do Centro e da Dirección son contas institucionais activas e de uso habitual.

É importante comunicar os cambios que se realicen ao resto de compañeiros rexistrados en eTwinning e ao equipo directivo.

Onde fago os cambios?

No despregable superior dereito, entra en “**O meu PERFIL/My profile**” e despois fai clic en “**EDITAR PERFIL/Edit profile**”. Non esquezas gardar os cambios que realices antes de saír dándolle ao botón “Gardar cambios”.




Figura 1. Captura de pantalla que mostra o menú de usuario en [ESEP](#).
Elaboración propia (INTEF) a partir da páxina web [ESEP](#). Licenza CC BY SA.




Figura 2. Captura de pantalla que mostra o botón de edición do perfil en [ESEP](#).
Elaboración propia (INTEF) a partir da páxina web [ESEP](#). Licenza CC BY SA.

The screenshot shows the 'Edit profile' page of the ESEF platform. At the top, there is a breadcrumb trail: Home > Connect > People > My Profile > Edit profile. Below this is a header bar with a color selection tool and two buttons: 'Save changes' (orange) and 'Cancel' (white). The main content area is divided into three sections, each with a callout box on the right:

- Account information:** This section contains a message: 'The following information comes from your EU Login account. You can change these details, as well as your password, on the EU Login website.' Below this, it lists: 'First Name: Francisco Jose', 'Last Name: Balsera Gomez', and 'Email: fbalsera75@gmail.com'. There is a link 'Change EU login credentials'. The callout box on the right says: 'Para cambiar las credenciales de EU login.'
- About you:** This section contains three dropdown menus: 'Site and email language *' (set to 'English'), 'Education type' (set to 'Vocational Education and Training'), and 'Country of work *' (set to 'Spain'). The callout box on the right says: 'Tu información profesional e intereses.'
- Your platform experience:** This section shows a profile picture placeholder with a grid of colored squares. The filename 'IMG_20240801_173421_317.jpg' and a 'Remove' button are visible. Below this is a 'Description' text area. The callout box on the right says: 'Tu foto de perfil, una breve descripción sobre ti y tus intereses. También aparecen aquí aspectos de privacidad.'

Figura 3. Captura de pantalla que muestra diferentes campos do perfil en [ESEF](#).
Elaboración propia (INTEF) a partir da páxina web [ESEF](#). Licenza CC BY SA.

▼ Join eTwinning

This will show other users if you are available for new projects.

☒ Available for eTwinning project

Muéstrate como "disponible" para que otros eTwinners puedan colaborar contigo.

Deactivate profile

In order to deactivate your profile check the following checkbox and save the page.

☐ Deactivate profile

En este apartado puedes desactivar tu cuenta temporalmente.

Figura 4. Captura de pantalla que muestra a casa de disponibilidad para proyectos e desactivar perfil.

Elaboración propia (INTEF) a partir da páxina web [ESEP](#). Licenza CC BY SA.